



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 67
23 de decembro de 2020

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ Resolución da Presidencia, do 23 de decembro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001) [23061](#)

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 23 de decembro de 2020, de apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002) [23061](#)

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.16. Consello Consultivo de Galicia

■ Acordo do Pleno do Parlamento, do 22 de decembro de 2020, polo que se designan membros electivos do Consello Consultivo de Galicia [23062](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Resolución da Presidencia, do 23 de decembro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 6768, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001).

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo —o día 28 de decembro de 2020—, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 6768, presentado polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

2º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001), ata o día 29 de decembro, ás 14.00 horas.

3º. Dar conta desta resolución á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 23 de decembro de 2020, de apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002)

Examínase o acordo do Pleno do Parlamento do 22 de decembro de 2020 (doc. núm. 6778) polo que se toma en consideración a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002).



A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. A Apertura do prazo de 8 días hábiles dende a publicación desta resolución para a presentación de emendas ao articulado nos termos establecidos nos artigos 124, 123.4, 112 e 99 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

2º. Propoñer á Xunta de Portavoces a súa asignación á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

3º. Dar conta desta resolución na próxima Mesa que teña lugar.

4º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.16. Consello Consultivo de Galicia

Acordo do Pleno do Parlamento, do 22 de decembro de 2020, polo que se designan membros electivos do Consello Consultivo de Galicia

O Pleno de Parlamento, en sesión celebrada o día 22 de decembro de 2020, de conformidade co disposto no artigo 3.2 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, designou membros electivos do Consello Consultivo de Galicia a:

- Ignacio de Loyola Aranguren Pérez
- José Luis Costa Pillado
- Alberte Souto Souto

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

